

BASES QUE REXERÁN AS AXUDAS ÁS COMPARSAS QUE PARTICIPEN NOS ACTOS PROGRAMADOS CON MOTIVO DO ENTROIDO 2025 DO CONCELLO DE FENE

O Concello de Fene, ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos do ciclo do Entroido 2025, establece as normas reguladoras e as axudas económicas que outorgará ás comparsas que interveñan nos actos citados de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA: Poderán participar nos actos programados polo Concello de Fene con motivo do ciclo do Entroido e ser beneficiarias destas axudas calquera asociación ou entidade legalmente constituída, así como os "grupos ocasionais" que cumpran as condicións establecidas nestas bases. Neste último caso, deberán nomear a un/unha representante debidamente autorizado/a para actuar en nome do grupo.

SEGUNDA: Para poder optar ás axudas reguladas nestas bases é condición indispensable formalizar a inscrición da comparsa e presentar toda a documentación requirida (consonte aos modelos dos anexos A ou B) no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro procedemento establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015 con anterioridade ás 14.00 horas do luns, 24 de febreiro de 2025.

O Concello resérvase o dereito de non admitir a inscrición daquelas comparsas que en anos anteriores non acreditan os mínimos de calidade e orixinalidade no seu vestiario.

No momento de formalizar a inscrición achegarán polo Rexistro Xeral do Concello a documentación a que se fai referencia nos parágrafos seguintes. Tamén terán que achegar, distinguíndose entre os grupos ocasionais e as entidades con personalidade xurídica:

1) Entidades legalmente constituídas – ANEXO B (obrigadas a presentar esta documentación por sede electrónica)

- Folla de inscrición
- Certificación expedida pola entidade bancaria na que conste o número de conta e o seu titular, tendo en conta que a titularidade debe ser ostentada pola asociación. No caso que esta certificación estivera en poder do Concello, poderán acollerse ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou no seu caso, emitidos.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable sobre o compromiso de levar a cabo as actividades recollidas nas bases.
- Copia da Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Fotocopia do DNI do representante legal da Asociación.
- No caso de menores de idade, autorizacións dos seus respectivos representantes legais autorizándoos a participar no desfile e nos actos programados con motivo do Entroido.
- Ficha técnica da comparsa, na que consten:
 - Nome e DNI da persoa que vai actuar como representante da comparsa o día do desfile, que actuará como interlocutor da comparsa coa organización e que deberá estar permanentemente identificado coa credencial que lle facilitará a organización.
 - Indicación, o máis detallada posible, da temática e características dos disfraces da comparsa ao obxecto de facilitarlle á organización a súa identificación visual.
 - Indicación de se van ir acompañados de remolques ou outros artefactos detallando as súas dimensións e sistemas de tracción.
 - Indicación dos medios técnicos de son que precisarían no caso de ter que actuar no palco.

2) Grupo ocasional – ANEXO A

- Folla de inscrición
- Certificación expedida pola entidade bancaria na que conste o número de conta e o seu titular, tendo en conta que a titularidade debe ser ostentada polo representante do grupo ocasional.

- Declaración responsable do representante do grupo de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A tal efecto os integrantes do grupo teñen que nomear un/ha representante con autorización expresa para presentar a solicitude e para o cobro do importe correspondente ás axudas.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable sobre o compromiso de levar a cabo as actividades recollidas nas bases.
- Declaración responsable sobre compromiso de execución da actividade subvencionada.
- Copia do DNI de cada un dos compoñentes do grupo (ou dos seus representantes legais, en caso de menores de idade) xunto coas autorizacións dos seus respectivos representantes legais (no caso de ser menores de idade) autorizándoos a participar no desfile e nos actos programados con motivo do Entroido.
- Ficha técnica da comparsa, na que consten:
 - Nome e DNI da persoa que vai actuar como representante da comparsa o día do desfile, que actuará como interlocutor da comparsa coa organización e que deberá estar permanentemente identificado coa credencial que lle facilitará a organización.
 - Indicación, o máis detallada posible, da temática e características dos disfraces da comparsa ao obxecto de facilitarlle á organización a súa identificación visual.
 - Indicación de se van ir acompañados de remolques ou outros artefactos detallando as súas dimensións e sistemas de tracción.
 - Indicación dos medios técnicos de son que precisarían no caso de ter que actuar no palco.

TERCEIRA: Entenderase por:

- **Comparsa de Adultos:** Agrupación de máscaras cun mínimo de 20 ou máis persoas, maiores de 18 anos.
- **Comparsa Infantil:** Agrupación de máscaras cun mínimo de 20 ou máis persoas (menores de 18 anos) máis aquelas persoas adultas que participen como apoio á comparsa.
- **Comparsa de Fene:** Agrupación presentada por unha sociedade ou agrupación de máscaras cun mínimo de 20 ou máis persoas, maiores de 18 anos na que o 50% dos seus membros sexan veciños/as no Concello de Fene, extremo que acreditarán mediante declaración responsable e autorización para que a organización poida comprobar de oficio este extremo.

CUARTA: As comparsas deberán gardar unha unidade temática, tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Non se consideran comparsas con dereito a inscrición e participación aquelas que en anos anteriores repetirán o seu disfraz.

QUINTA: As comparsas que opten ás axudas terán que reunir os requisitos sinalados nas Bases 2ª, 3ª e 4ª e, ademais, terán que repartir as letras das cancións que compoñan o seu repertorio entre o público en xeral. As letras das cancións a distribuír, así como as da canción que interpreten no palco, no caso en que así corresponda (unha soa canción) terán que ser obrigatoriamente en lingua galega, e o incumprimento deste requisito implicará automaticamente non poder optar ás axudas recollidas nas bases.

SEXTA: Destínase un crédito máximo de **8.000 €** que se imputará á aplicación orzamentaria 334/48901 do orzamento municipal prorrogado de 2024 para as axudas ás comparsas que participen nos actos programados con motivo do Entroido.

Estes 8.000 € hanse repartir consonte a estes criterios:

- **1.200 €** a partes iguais, até un máximo de 400 € por comparsa, entre as Comparsas de Adultos de Fene. No caso de non esgotar os 1.200 € consignados por este concepto, o remanente hase distribuír a partes iguais entre todas as comparsas de adultos participantes.
- **700 €** a partes iguais entre as Comparsas Infantís. No caso que non se inscriba ningunha comparsa infantil estes 700 € distribuiranse a partes iguais entre todas as comparsas de adultos participantes.
- Os **6.100 €** restantes hanse distribuír entre todas as comparsas de adultos participantes, incluídas as comparsas de Fene, consonte aos seguintes criterios:
 - **2.000 €** a partes iguais entre todas as comparsas.
 - **2.000 €** a repartir segundo a puntuación de 1 a 3 puntos:
 - Orixinalidade do vestiario

- Posta en escea durante o desfile
- **2.100 €** por un sistema de puntos en función do número de membros inscritos por cada comparsa segundo o seguinte baremo:
 - De 25 a 35 inscritos: 1 punto.
 - De 35 a 45 inscritos: 2 puntos.
 - Máis de 45 inscritos: 3 puntos.

No suposto que o día do desfile de comparsas a Comisión Avaliadora constataste que o número de participantes no desfile por comparsa non se corresponde co mínimo esixido en cada franxa de baremación, procederá a asignar a comparsa á franxa de puntuación que lle corresponde e aquelas que non teñan un mínimo de 25 participantes no desfile quedarán excluídas da subvención correspondente por este concepto. A Comisión Avaliadora reflectirá este extremo na acta de resultado.

A non participación no desfile implicará a exclusión automática da percepción destas axudas.

Estas axudas estarán suxeitas ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

SÉTIMA: A Comisión Avaliadora estará formada por 1 representantes de cada grupo municipal e estará presidida por D. Justo Martínez Ardá; actuando como secretario da dita comisión, a secretaria municipal ou persoa en quen delegue.

O día da celebración do desfile a Comisión Avaliadora comprobará que as comparsas participantes reúnen, coa súa participación no desfile, as condicións requiridas nestas bases. A resultados desta comprobación, a Comisión Avaliadora fará a correspondente proposta de concesión das axudas reguladas nestas Bases.

OITAVA: Para poder optar ás axudas nos apartados anteriores é imprescindible que as comparsas acompañen ao Entroido nos actos programados para o mércores día 5 de marzo de 2025 e que comezarán coa concentración ás 17.30 horas Rúa San Salvador de Perlío (pista polideportiva do CCRD Perlío) e Avda. do Tarrío.

O Concello de Fene poderá suspender o desfile das comparsas no caso de forte previsión meteorolóxica de chuvia. Esta decisión adoptárase ás 13:00 horas do mércores 5 de marzo, comunicándose telefonicamente ao representante designado pola comparsa. De suspender o desfile, as comparsas concentraranse na Praza do alcalde Ramón José Souto González e na Avenida do Concello.

NOVENA: Orde de participación e actuación:

9.1. Orde de participación

A orde de participación no desfile determinarase en función de criterios establecidos polo persoal técnico propio do departamento de Cultura, para unha mellora na organización (por motivos de prevención, número de participantes nas comparsas e maior axilidade).

9.2. Desfile polo palco

- a) Todas as comparsas infantís e as comparsas de adultos que non resulten seleccionadas para actuar, desfilarán polo palco para saudar ao público. Non poderán interpretar ningunha canción nin ir acompañadas de remolques ou outros artefactos análogos que entorpezan a fluída circulación dos membros das comparsas e servizos de organización.

9.3. Actuación no palco. Actuarán no palco un máximo de 8 comparsas. A selección de comparsas a actuar no palco determinarase polo persoal técnico do Departamento de Cultura atendendo aos seguintes criterios:

- a) Todas as comparsas de Fene.
- b) En caso que o número de comparsas de Fene sexa inferior a 8, as restantes comparsas que actuarán no palco determinaranse por sorteo público que terá lugar o día 26 de febreiro ás 12.00 horas na Aula de Cursos do Departamento de Cultura (Avenida de Naturais 44, entresollado).

9.3. Cada comparsa seleccionada para actuar interpretará no palco unha soa canción. Para calquera dúbida poden poñerse en contacto no teléfono: 981 340 366 (Departamento de Cultura e Deportes).



9.4. A orde do desfile e as comparsas que actuarán no palco hase publicar antes das 15:00 horas do luns, 3 de marzo de 2025 na páxina web <http://www.fene.gal>

DÉCIMA: As presentes bases serán publicadas na Base Nacional de Subvencións, no taboleiro de edictos do Concello de Fene, na páxina web municipal <http://www.fenecidadan.net> e un extracto das bases no BOP.

UNDÉCIMA: A inscrición de participación no Entroido fenés implica a aceptación das ditas bases.”

C.I.F.: P-1503600-G